



Brane Mozetič, nado en Ljubljana en 1958, é poeta, escritor, tradutor, editor, o máis importante activista gay de Eslovenia, e director do “Centro para a promoción exterior da literatura eslovena”, entre outras moitas facetas.

Desempéñase como director editorial de dúas coleccións da editorial ŠKUC: por unha banda “Aleph” e pola outra “Lambda”, onde tirou do prelo xa máis dun cento de obras de temática LGTB. Así mesmo, ten editado varias antoloxías e publicacións para a promoción da literatura eslovena fóra. Como xestor cultural, é o responsable de programación do “Festival de Literatura Viva” que se celebra anualmente en Ljubljana, e leva comisariando o Festival de Cinema Gay-Lésbico da mesma cidade dende hai máis de vinte anos. Ao mesmo tempo, desenvolve un intenso e amplo traballo como tradutor de máis de vinte libros -maiormente do francés- incluíndo traballos de Rimbaud, Genet e Foucault entre moitos outros.

Como autor de creación ten publicados ata o de agora trece poemarios, dúas novelas e un libro de relatos. Entre os títulos de poesía cabe salientar *Sneguljčica je sedem palčkov* (*Brancaleves é sete ananiños*) 1976, *Soledadesi* (*Soidades*) 1987, *Modrina dotika* (*O azul do contacto*) 1986, *Zaklinjanja* (*Conxuros*) 1987, *Mreža* (*Rede*) 1989, *Obsedenost* (*Obsesión*) 1991, *Pesmi za umrlimi sanjami* (*Poemas polos sonhos mortos*) 1995, *Metulji* (*Bolboretas*) 2001, *Banalije* (*Banalidades*) 2003, *Še banalije* (*Máis banalidades*) 2005 e *In še* (*Aínda máis*) 2007. No estranxeiro son ata trinta as traducións de obras súas que viron a luz, sobre todo en italiano, inglés e alemán. Mozetič tamén é autor de tres provocadoras performances ou instalacións.

Debería Ter Sabido Dende O Principio Que Permanecería nas marxes. A primeira vez partín con medo na procura da calor dun corpo. Debía ter o aspecto da miseria personificada; cando me invitou a irme con el eu nunca dubidei. Nalgún lugar ao fondo do parque nevado sobou o meu corpo mozo, meteume a cabeza entre as súas pernas, e suxeitouna firmemente. Ocorreu moi rápido pero semellaba facerse eterno ata non ter fin. Eu só quería dar media volta e marchar xa. Aínda que o intentou coma un tolo, eu non me daba empalmado, ata que me espetou: Ti nin es marica nin nada! Tremendo coa vergonza seguino de volta ata onde as luces. El era un recluso, acabado de saír da cadea, de volta para casa. O tempo que botara, por que o botara, iso perdinmo todo. Ti si que estarías moi ben coidado no cárcere, dixo entre dentes cara min. E marchou. Botei todo o camiño a casa cusbindo, para me quitar de enriba o seu sabor. Tempo despois, houbo moitos outros que viñan das marxes, mais nunca puiden integrarme, e fun expulsado aínda máis fóra. Nunca nada estaba ben, eu non era abondo musculoso, ou alto, ou ben dotado, ou non me corría dabondo, xamais encaixei coas súas ideas, expectativas, demandas, así que me insultaron e seguiron o seu camiño, para a seguinte conquista, de prisión en prisión.



(BRANE MOZETIČ)

Luns 4 de febreiro

20:30
Centro
Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Antón Lopo



Antón Lopo naceu en 1961 en Monforte de Lemos e traballou como xornalista ata o 2011, cando o peche de "Galicia Hoxe", o único diario en galego do país. Dedicándose especialmente á cultura na prensa, a traxectoria xornalística de Lopo foi recoñecida co Premio de Comunicación da Xunta de Galicia e co Premio da AELG. Como autor, ten publicado poesía, teatro e narrativa, e tamén foi tradutor para o galego de Oscar Wilde e Vikram Seth. Como novelista deu ao prelo *As reliquias* (1991), *O sorriso de Isobel Hill* (2000), *Ganga* (2001) e, por último, *Obediencia* (2010), polo que acadou o Premio García Barros. Mais tamén desenvolve unha traxectoria coma biógrafo, ocupándose das figuras de Fermín Bouza Brey, Lorenzo Varela (*As tres mortes de Lorenzo Varela*, 2005), Uxío Novoneyra (*A distancia do lobo*, 2010) e Lois Pereiro (*A palabra exacta*, 2011). Como autor teatral publicou *Os homes só contan ata tres* (2005), levada aos escenarios por "A Factoría" e que lle valeu o Premio Álvaro Cunqueiro.

A súa faceta poética inaugurouse con *Sucios e desexados* en 1988, e continuou con *Manual de masoquistas* (1990), *Á sombra dos rapaces mexando* (1995), *Libro dos amados* (1996), *OM* (1996), *Pronomes* (1998) e *Fálame* (2004), Premio Esquíu de Poesía. Mais na súa obra poética mestúrase a escrita coa oralidade e a performance, de aí que tamén debamos mencionar o poemario oral *Prestidixitador*, co que percorreu distintas cidades de Europa e que aínda desembocou no proxecto plástico "Accións" (Galería Trinta, 2004) e na experiencia "Dentro" (Casa da Parra, 2005). A iso hai que sumar as performances "O Lugar", na que mediu Compostela a partir do seu corpo, a peza "Sete" (Fundación Luis Seoane, 2007) ou "Co ceo a costas", xunto a Iván Prado, co que compartiu ademais campañas de apoio ao Exército Zapatista en Chiapas.

...
 Fixen un poema que non me pertencía e convertinme na boca dun poeta que non era eu, un poeta que me reescribiu coa miña complicidade. "Os límites dunha linguaxe son os límites do seu mundo: unha linguaxe pode dilatar os límites dese mundo pero nunca saír del", dicía o poeta, mentres eu manexaba conceptos primitivos de tempo: non estaba preparado para falar de pasado, presente ou futuro: cría só na eternidade. Esa crenza -unha obsesión, sen dúbida- instalábame en lugares carentes de cronoloxía. "Suspende o tempo é autoengano", teimaba el en repetir, aturdido pola eternidade e a miña sombra intacta. Comprende que só tiña dúas opcións: matarme e preservarme ou fragmentarme e sobrevivir a nada. Matar deixaba demasiadas obrigas, demasiadas pantasma, literatura vitimista, tumbas e ese tipo de obscenidades mortuorias. Fragmentar resultaba máis práctico: non hai cadáver.
 ...

←
(ANTÓN LOPO)

Luns 4 de febreiro

20:30
 Centro Sociocultural ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
 | 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
 | agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Brane Mozetič

